

INHUMACIÓN III, DE CHRISTIAN VILLAMIDE

Por Manuel Sendón

La pieza escultórica INHUMACIÓN III de Christian Villamide está emparentada con la obra Inhumación I realizada en el año 2019 en el Centro de arte CAB de Burgos y Inhumación II realizada en 2020 en el Centro Galego de Arte Contemporánea, CGAC. La obra habla de todo lo que queda enterrado bajo el asfalto, el hormigón, las ciudades, bajo nuestros pies, desea cultura olvidada, de periodos históricos borrados, de revoluciones perdidas, de ideas, pensamientos o acciones enterradas... y también de la pérdida de la memoria histórica.

La pieza INHUMACIÓN III realizada exprofeso para el proyecto de Manuel Sendón CABODANO II, expuesta en el Museo Provincial de Lugo estableciendo un diálogo con una Virgen Dolorosa anónima que allí se encuentra.

Cando o Centro de Estudos Fotográficos (<https://cefvigo.wordpress.com/>) interrompe a súa actividade como editora, despois de ter publicado en trinta anos 44 libros de fotografía, xorde a idea de facer un "velorio" en forma de exposición da súa actividade editorial. As circunstancias non o fixeron posíbel, mais non se abandonou a idea que co tempo foi collendo máis intensidade, e xurdiu o proxecto Cabodano da actividade editorial do CEF.

Xa que nos cabodanos a dor do velorio vai deixando paso á memoria, pareceunos un bo título para este proxecto onde a memoria é o esencial. Mais tamén pode considerarse unha celebración de fin de ciclo, dado que hoxe as circunstancias son moi diferentes, a crise, os recortes, as tecnoloxías dixitais... fixeron cambiar o mundo da edición.

En vez de celebralo coa clásica exposición descriptiva, xeralmente tan aburridas como carentes de interese estético, convidamos, a tres artistas- Ana Soler, Fran Herbello e Joan Fontcuberta- a traballar sobre os libros que publicamos, seguindo a liña do CEF de darlle máis importancia á produción de proxectos que á recepción de proxectos xa realizados. Traballos que foron mostrados en 2019 Na sala da Fundación de Vigo.

Posteriormente en 2021, iníciase unha nova etapa do proxecto, Cabodano. IIª Andaina, pondo a disposición de diferentes artistas os libros que quedan, que son fundamentalmente exemplares de Do Trinque. Colección composta por 22 libros dos que a metade están dedicados a artistas galegos daquela emerxentes. Algúns deses traballos, como os de Victoria Diehl ou Fran Herbello, tiveron unha importante proxección fóra de Galiza. Os restantes son de fotógrafos e fotógrafas de gran relevancia internacional, como Karen Knorr, Antoine D'Agata, Joachim Schmid, Luis González Palma, Aziz+Cucher...

Coa obra de Chistian Villamide dase continuidade a este proxecto, do que xa se teñen presentado as propostas de Almudena Fernández, Mónica Alonos e Alberto Ardid, María X. Fernández, Juan Rivas, Ignacio Pérez Jofre e Din Matamoroque, e no futuro irán dándose a coñecer outras propostas. O CEF convida a quen visite a exposición a que leve un libro, mais só un.

Manuel Sendón